




PROGRAMA DE MEDIDAS DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO PARA PARADOS DE LONGA DURACIÓN





Programa Extraordinario de Activación para o Emprego

- Trátase dun programa específico e extraordinario de carácter temporal, dirixido a **persoas desempregadas de longa duración con cargas familiares**.
- Nace co fin de complementar as medidas postas en marcha polo Goberno Central para este colectivo.
- **As medidas** para a activación das persoas beneficiarias deste programa **desenvolveranse fundamentalmente a través dos Servizos Públicos de Emprego (SPEG)** das Comunidades Autónomas.





Orzamento



- 10 millóns de euros



Beneficiarios

- Segundo a información transmitida polo SPEG, serían **potenciais beneficiarias** do programa extraordinario de activación para o emprego preto de 20.000 persoas.





Medidas

A

CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS PARA O SERVIZO PUBLICO EMPREGO GALICIA

Con esta medida procederáse á contratación de 75 persoas orientadoras e técnicas de prospección, que titorizarán individualmente a cada unha das persoas beneficiarias, de maneira que se garanta a presenza de, cando menos, unha persoa técnico por oficina de emprego.





B

PROGRAMA FORMATIVO DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE, TECNOLÓXICAS E DE IDIOMAS E CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Programación de accións formativas orientadas tanto a aquelas persoas que **carezan de cualificación**, como aos que teñan una certa cualificación.

4 tipos de accións formativas:

Accións formativas vinculadas coa aprendizaxe de idiomas.

Accións formativas vinculadas ás competencias requiridas polas empresas no ámbito das TIC.

Accións formativas dirixidas á obtención de Competencias clave.

Accións formativas dirixidas á obtención de Certificados de profesionalidade.



C

FORMACIÓN DUAL

Pretende que as persoas que carezan de cualificación nunha ocupación determinada, poidan adquirir a dita cualificación a través da formación que reciban asociada a un **contrato laboral de formación e aprendizaxe**.



A formación que reciban os traballadores e traballadoras **responderá ás necesidades das empresas**, co que se favorece a posibilidade de que nun alto porcentaxe o traballador ou traballadora poda seguir vinculado á empresa á finalización do contrato de formación e aprendizaxe.



D

PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE EXPERIENCIA EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO”

Este programa persegue a adquisición de experiencia laboral do colectivo beneficiario a través da súa contratación por entidades sen ánimo de lucro, mediante a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social que redunden en beneficio da colectividade.

As actividades a desenvolver polas persoas contratadas deberán estar relacionadas, se é o caso, coa súa titulación ou formación previa e, sempre, redundar na mellora do seu nivel de competencia profesional.





E

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA.

Permite que unha empresa contrate traballadores coa posibilidade de compatibilizar, **durante 5 meses**, un contrato por conta allea coa renda de acompañamento (426 euros que se deducirán do salario a aboar). 3 liñas de incentivos:

Contratación temporal por un período de doce meses e a tempo completo, o que permitirá que as empresas teñan incentivado o contrato dun traballador un ano (5 meses polo Estado e 7 pola Xunta

Contratación indefinida dende o seu inicio e a xornada completa cun compromiso de mantemento de dous anos.

Transformación dun contrato temporal en indefinido e a tempo completo sempre que se produza con anterioridade á finalización do contrato temporal. A empresa debese comprometer a manter esta persoa traballadora un mínimo de doce meses.



As contías **incrementaranse 600 euros acumulativos** se na persoa traballadora contratada concorre algunha ou algunhas das circunstancias seguintes:

Ter fillos menores de dezoito anos ao seu cargo.

Permanecer inscrito como demandante de emprego durante 540 días nos últimas 24 mensuralidades anteriores á súa contratación.

Ser maior de 45 anos.





F PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO AUTÓNOMO

Incentivarase cada alta no RETA cun total de 9.000 euros dividido en dúas axudas:

Traballador ou traballadora que se da de alta como autónomo que deberá xustificar cos gastos correntes do primeiro ano de actividade. En caso de que non o xustifique deberá reintegrar a cantidade non xustificada. Así mesmo o beneficiario asume a obriga de manterse de alta no RETA dous anos.

Para aquelas entidades que lle preste asesoramento previo á alta.





Presentación Solicitudes

DOG | Diario Oficial
de Galicia

Todas estas medidas regularanse coa publicación da Orde correspondente no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros meses.

